

Meu amigo Alberte, Assalam Alaykum:

Primeiro día de outubro de 2002 segundo o voso calendario, 24 de Rayab segundo o musulmán. Esta é a primeira carta que che escribo, querido Alberte. O meu pai acábame de regalar este caderno de tapas duras e follas pautadas e un bolígrafo de tinta azul escura. O mestre Mir Ashduf considera que debo practicar a escrita porque disque teño aptitudes para narrar historias; quere que me converta nun *katib*, é dicir, un escritor de libros, e o teu pai ten a mesma opinión. Eu non sei se será certo, penso que o que queren é salvarme de ir cachar na leira ou de ir ao monte por leña. Entre ambos convenceron o meu pai de que o mellor é que me ocupe só de coidar as ovellas no pasto, así terei tempo para escribir as cousas que se me ocorran. Eu agradecínllelo, pois é certo que a vida de pastor é a máis cómoda. Estás da mañá á noite no val de Orm ou nas chairas altas do Lemikush, xogas cos amigos que van coas súas greas, podes facer o que queres sen que ninguén che diga nada, podes ler. Eu traio os libros que me gustan e leo. Agora teño aquí comigo os contos

que escribiu Yusuf Amin al-Sayf, que falan de cidades enigmáticas que aparecen e desaparecen. E nin sequera me preocupo por coidar dos animais, pois os mastíns velan porque non se dispersen e escorrentan as feras. Nós temos vinte e catro cabezas, entre ovellas, castróns e años. Tamén temos cabalos, catro eguas de raza e un macho vello que se chama Zorto. Claro que non vou eu sempre ao val, o meu pai non quere que estea tanto tempo lonxe da casa. Outras veces van as tías Tsarha ou Dulaah, ou vai Eimel, o fillo da tía Ednal e do defunto tío Pensha, que morreu na guerra hai once anos. En ocasións, cando os traballos agrarios se acumulan, o que facemos é xuntar os rabaños de toda a familia, os nosos e os dos tíos Muhtadi e Abdul, que tamén viven en Qhissa Hanni, e organizamos quendas para o seu coidado.

Vaia, coido que xa che presentei toda a familia. Non; falta o meu pai. O seu nome é Sayiam ben Hadrás, e para min é a persoa máis importante do mundo. Desde que morreu a mamá, tivo que exercer de pai e de nai comigo. Agora xa non son un neno e sei o que iso significa. Síntome moi unido a el e el a min. Para un árabe, a familia é o máis valioso que existe.

Tamén lle quero ben a Eimel, o meu curmán e o mellor compañeiro de xogos. E tamén aos demais curmáns, os fillos e fillas de Abdul e Muhtadi, aínda que paso menos tempo con eles. Eimel é dous anos maior ca min, eu teño quince e el dezasete, pero parece máis novo porque ten menos sentido, ou iso é o que din na casa. Case todas as veces que vou cos rabaños,

el, aínda que non lle corresponda, vén comigo. Di que é para coidarme, a pesar de que non o necesito. Hoxe non veu porque tivo que acompañar o meu pai a transportar unha partida de queixos a Tall 'Afar, pois os mercadores, en épocas de frío, tardan en pasar por Qhissa Hanni. Daquela, vin eu só.

Agora mesmo estou nunha valgada por onde discorre calmo o Wada Ur. Senteime nunha laxe e empecei este caderno sen saber ben que facer con el. Supoño que che irei contando as cousas de cada día, o que facemos por aquí, os nosos costumes, seguramente tan distintos dos vosos, e talvez se me ocorra inventar algunha historia. Gústame moito inventar historias, espero que tamén me guste escribilas para non defraudar a confianza do mestre Mir Ashduf e do doutor Meira, o teu pai, a quen tanto aprecio. Por certo, por aquí todos lle chaman Al-Galego, non sei se cho diría, polo que presume do seu país. É un alcume cariñoso, o teu pai é un verdadeiro *hakim* e ninguén lle faltaría ao respecto. *Hakim* é o equivalente ao que vós chamades *sabio*. Desde logo, se a metade do que di é certo, Galicia ten que ser un fermosísimo lugar. Aínda que non tanto coma o Lemikush! Dígocho de veras: o teu pai é unha maravillosa persoa, e eu noto canto te quere cando me fala de ti.

Presinto que escribirei unha miga cada día, pois non é moito o tempo do que dispoño. Logo, segundo vaia xuntando páxinas, arrincareinas e dareillas ao teu pai para que chas envíe xunto coas súas cartas. Naturalmente, terá que levar o traballo de traducilo á túa

lingua para que entendas algo. Espero que lle quede paciencia suficiente, despois de botar o día ocupado coas súas pedras do monte. E espero que non encontre problemas para a tradución, pois entendo que o voso idioma é moi raro. Disque usades dous tipos de letras, vogais e consoantes, que tendes maiúsculas e minúsculas, vogais con acento e sen acento... así que ten que ser complicado. E que escribides ao revés, de esquerda a dereita, como pode ser iso? O teu pai ensinoume algunhas palabras, como *nube*, *estrada*, *pexego*, *leite*, *bo día*, *libro de contos*, *cabalo*; eu nunca daría aprendido unha lingua tan difícil. Tamén lle pedirei que procure facer unha tradución libre e creativa, para que non se noten as miñas carencias literarias.

Que relato che podo contar? Por exemplo, podería che narrar a historia de Abdel Ar Zufid, gran califa de Bagdad na época primitiva. Eu non coñezo a cidade de Bagdad, só me teñen falado dela. Mais podo imaxinala, coas súas anchas rúas ateigadas de xente, de autos, os seus mercados, os esveltos minaretos das mesquitas, os inmensos palacios, as bibliotecas, as universidades, os xardíns caendo como ferverzas ata o Tigris. Como sería o Bagdad da era imperial, cando califas e sultáns coroaban os seus alcázares con cúpulas de ouro e os elefantes se aliñaban a centos nas alamedas e viñan cidadáns de todos os países a mercar os produtos singulares que chegaban nas caravanas cada día?

Este é o relato.



*Contan os homes de boa fe, aínda que só Allah é sabio e misericordioso e omnipresente, que hai moitos séculos este país estaba gobernado polo califa Abdel Ar Zufid, descendente dunha longa dinastía de señores que entroncaban cos primeiros reis de Babilonia.*

*O califa non era unha persoa querida polos súbditos. Era mesquiño, cobizoso e déspota, e non escatimaba a imposición de gabelas só polo afán de ver medrar o ouro nas súas arcas. Cos inimigos amosábase arrogante, inflexíbel e ata dicían que cruel. Sabedor de que o seu reino era cobizado por príncipes veciños, Abdel Ar Zufid mantiña o goberno con man rigorosa e a colaboración dun consello de ministros submiso, un disciplinado exército e, segundo aseguraba el mesmo, a bendición de Allah, o magnánimo, o eterno. Tamén é certo que esta rudeza serviu para manter o imperio en paz e libre dos disturbios que coñeceran os reis anteriores e os seguintes.*

*Abdel Ar Zufid tiña unha filla chamada Sadhua, fermosa entre as fermosas, que ademais estaba dotada dunha enerxía e firmeza de carácter que asombraba a todo o mundo, empezando polo propio pai, ao que lle chegaba a discutir asuntos de goberno sen que este ousase prohibirlllo. Sadhua non era a única filla. Entre homes e mulleres, as súas sete esposas déranlle un total de dezaoito descendentes que eran a súa ledicia e o seu sufrimento na intimidade, en contraposición ao temperamento aceirado polo que era temido fóra dos apousentos.*

*No palacio real, entre os centenaes de criados e funcionarios, vivía un palafreireiro de nome Raíd. Con apenas quince anos, Raíd tiña ao seu coidado os cabalos*





*favoritos do califa. O seu pai era oficial da garda e a nai, copeira maior. Era unha familia estimada polos membros da realeza, se ben isto non significaba ningunha condición especial, pois eran moitas as familias de traballadores apreciadas no palacio.*

*Pero ocorreu que o coidador de cabalos se namorou perdidamente da princesa Sadhua, a quen vía pasear nas mañás polo parque dos rododendros, a quen ulía sutilmente cando lle entregaba o cabalo para as súas cabalgadas vespertinas, a quen oía cantar no serán acompañada da arpa tras a reixa, con quen soñaba polas noites rodeándoa de graza e donosura. Amábaa e desexaba que fose a súa esposa.*

*A noticia do namoramento non foi ben recibida polos pais de Raíd, que temeron o peor se se chegase a descubrir, pois sabían que nunca de ningunha maneira ía casar a filla dun califa cun pobre coidador de bestas. Así llo dixeron ao mozo e este, aínda que con moita dor, aceptou o consello dos pais e procurou desoír os latexos do seu corazón cada vez que vía a Sadhua.*

Agora, meu amigo, desculparasme, pero teño os pés conxelados. O tempo é frío, aquí na montaña o inverno chega a ser xélido, así que, aínda que estou ben abrigado, non podo permanecer máis tempo parado. Ademais, diría que vai ventar forte. Cando venta no Lemikush, parece que imos ser levados todos polo aire. Oxalá ocorra algún día. Mañá, se podo, continuarei co meu conto. Espero que che gusten as historias clásicas. Tamén coñezo relatos modernos,



con automóviles en vez de cabalos, pistolas en vez de espadas e presidentes en vez de califas; gústanme tanto uns coma outros, no fondo non son moi diferentes. Se remato este axiña, comezarei outro máis actual. Vaia, para ser a primeira carta, escribina toda dun tirón.

Por certo, dentro de tres semanas será a voda do meu pai. A súa segunda voda, pois antes estivo casado coa miña nai. Na casa anda todo o mundo revolto, as tías, Zudbalá, o avó Hadrás, o tío Muhtadi, os veciños, os parentes da noiva. Eu tamén espero ese momento con impaciencia, pois é seguro que poderei estar con Amrah. E quen é Amrah, preguntaraste. Pois non cho vou contar nesta ocasión, agora debo moverme ou ficarei teso.

Que Allah sexa contigo, compañeiro.